

ACTIVIDADES DE REPASO. UNIDADE 1: O SER HUMANO E A SAÚDE (PARTE 2).

- 1. Completa a seguinte táboa sobre os métodos de prevención e tratamento contra as enfermidades infecciosas.**

	PREVENCIÓN OU TRATAMENTO?	TIPO DE PATÓXENO CONTRA O QUE ACTÚA	QUE FAI?
Hábitos saudables			
	Prevención	Principalmente virus	
	Tratamento	Bacterias	
	Tratamento	Principalmente virus	
			Fan que os síntomas da enfermidade sexan máis leves pero non a curan.
		Fungos	

2. Cales son os hábitos saudables mínimos que debemos ter para evitar contaxiarnos de enfermidades infecciosas?
3. Contesta ás seguintes preguntas sobre a vacinación, relacionadas co vídeo das vacinas que xa vimos (*Los efectos secundarios de las vacunas: ¿tienen mucho riesgo?* <https://youtu.be/tWrk30zMRoo>)
 - a. Que se introduce no corpo por medio das vacinas?
 - b. Por que hai campañas de vacinación todos os anos contra o virus da gripe?
 - c. Que son as células de memoria do noso sistema inmune?
 - d. Que é a inmunidade de grupo e porque é importante?
4. Define.
 - a. Autotransplante:
 - b. Isotransplante:
 - c. Alotransplante:
 - d. Xenotransplante:
5. Contesta as seguintes cuestións sobre a sangue:
 - a. Cal é o teu grupo sanguíneo? Que significa?
 - b. De quen podes recibir doazóns de sangue?
 - c. A quen lle podes doar sangue?
6. Indica a que grupo sanguíneo pertencen as seguintes mostras de sangue:

